

NO.RE.BAP. GALICIA

NORMATIVA, REGULAMENTACIÓN E BASES DA COMPETICIÓN
TERRITORIAL DE BALONMÁN PRAIA DE GALICIA

TEMPADA 2024

índice

1.	COMPETICIÓN OFICIAL DE BALONMÁN PRAIA	3
2.	CADRO DE IDADES DOS PARTICIPANTES EN CADA CATEGORÍA	3
3.	DEREITO DE PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN ESTATAIS NA TEMPADA 2024.....	3
4.	COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS.....	4
5.	BALÓN DE XOGO E EQUIPACIÓN.....	4
6.	HORARIOS DOS ENCONTROS.....	5
7.	ESTRUCTURA DA COMPETICIÓN	5
8.	CRITERIOS PARA DETERMINAR A ORDE CLASIFICATORIA NA FASE DE GRUPOS	6
9.	COMITÉ DE COMPETICIÓN: SANCIÓN E RECLAMACIÓN.....	7
10.	ACTA DO PARTIDO.....	8
11.	ACCESO Á ZONA DE XOGO	9
12.	DELEGADO/A RESPONSABLE	9
13.	INSCRIPCIÓN EQUIPOS.....	9
14.	RECOÑECIMENTO MÉDICO	10
15.	CADRO OFICIAL DE TAXAS E COTAS DE SEGURO.....	10
16.	ADAPTACIÓN REGULAMENTARIAS	11
17.	DISPOSICIÓN TRANSITORIA.....	11

1. COMPETICIÓN OFICIAL DE BALONMÁN PRAIA

A Xira Galega de Balonmán Praia 2024 consta das seguintes probas:

- **PROBA 1:** Do 14 ao 16 de Xuño. Campionato Concello de Bueu (categorías sénior e xuvenil). Localización: Praia Banda do Río. **Outorgaría unha praza en categoría xuvenil (masculina e feminina para o Arena 1000 de Torrox) e puntuable para a Xira Galega.**

- **PROBA 2:** Do 20 ao 23 de Xuño. Campionato Concello de Bueu (categorías alevín, infantil e cadete). Localización: Praia Banda do Río. **Outorgaría unha praza en categoría infantil e cadete (masculina e feminina para o Arena 1000 de Torrox) e puntuable para a Xira Galega.**

- **PROBA 3:** Do 27 ao 30 de Xuño. Proba Oporto (Portugal) (categorías infantil, cadete, xuvenil e sénior). Localización: Edificio Transparente (Praia Internacional). **Puntuable para a Xira Galega.**

- **PROBA 4:** Do 4 ao 7 de Xullo. Copa Concello de Bueu (Todas as categorías). Localización: Praia Banda do Río. **Outorgaría unha praza en categoría infantil, cadete, xuvenil e sénior (masculinas e femininas para o Arena 1000 de Laredo) e puntuable para a Xira Galega.**

- **PROBA 5:** Do 11 ao 14 de Xullo. Copa Federación (Todas as categorías). Localización: Praia Banda do Río. **Puntuable para a Xira Galega.**

- **FASE FINAL:** 25 de Xullo (catro mellores clasificados de cada categoría).

2. CADRO DE IDADES DOS PARTICIPANTES EN CADA CATEGORÍA

CATEGORÍA	ANO NACIMIENTO
Categoría Sénior	Xogadores/as nados/as ata 2005
Categoría Xuvenil	Xogadores/as nados/as en 2006 e 2007
Categoría Cadete	Xogadores/as nados/as en 2008 e 2009
Categoría Infantil	Xogadores/as nados/as en 2010 e 2011
Categoría Alevín	Xogadores/as nados/as en 2012 e 2013

3. DEREITO DE PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN ESTATAIS NA TEMPADA 2025

Terá dereitos de participación na Copa de España 2025 o equipo que quede en primeiro lugar en cada categoría ao final da Xira Galega de Balonmán Praia 2024. Para facer uso deste dereito, deberán realizar o ingreso de participación e inscribirse nos períodos marcados pola RFEBM en

dita competición.

4. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Poderán participar na competición de Balonmán Praia organizadas pola FGBm aqueles/as xogadores/as e oficiais que teñan a licenza debidamente dilixenciada pola Federación Galega de Balonmán, debendo ser tramitadas e aboadas en tempo e forma. A acreditación desta licenza será válida para a tempada 2024.

Esta licenza é persoal e intransferible, aparecendo reflectida no equipo e club correspondente. O número máximo de licenzas que pode tramitar un equipo dentro do cupo principal será de quince (15) ao longo da tempada. O número mínimo que, obrigatoriamente, terá que tramitar un equipo antes do comezo da Xira será de seis (6).

Nun partido de categoría xuvenil ou sénior, cada equipo participante pode inscribir en acta un mínimo de 6 e un máximo de 10 xogadores/as, debendo ter coma mínimo un oficial de equipo (co título especialista en balonmán praia nivel II) e un máximo de 2 oficiais de equipo.

Nun partido de categoría alevín, infantil ou cadete, cada equipo participante pode inscribir en acta un mínimo de 6 e un máximo de 12 xogadores/as, debendo ter coma mínimo un oficial de equipo (co título especialista en balonmán praia nivel II) e un máximo de 2 oficiais de equipo.

O número de xogadores/as da categoría inmediatamente inferior que se poden utilizar en cada partido é de catro, e teñen que incluírse no cupo adicional, dun só equipo. Nestes casos, os xogadores/as menores de idade deberán engadir á aplicación informática, a autorización dos pais ou titores legais, para participar na proba da categoría inmediatamente superior á que lles corresponde pola súa idade. Un equipo poderá ter cantos xogadores/as queira dentro do cupo adicional, pero terán que ser sempre de categoría inferior, nunca da mesma categoría; e cada xogador/a de categoría inferior tan só poderá estar validado no cupo adicional dun só equipo de categoría superior.

Non se permite o cambio de club, nin de equipo, dentro de toda a Xira Galega de Balonmán Praia; pero si para a participación en probas nacionais.

A data máxima para a tramitación de licenzas é o 14 de xullo de 2024 ás 23.59h.

Os equipos participantes (xogadores/as e oficiais) deberán estar fisicamente presentes no campo de xogo (co número mínimo de xogadores/as para comezar o encontro), polo menos 15 minutos antes da hora sinalada para o seu inicio, para efectuar o sorteo inicial e, no seu caso, realizar a presentación protocolaria. É obrigatorio presentar adestrador/a en todos os encontros. En caso de incomparecencia dalgún dos equipos, os árbitros/as pecharán a acta 10 minutos despois da hora fixada para o comezo do partido, salvo que esta incomparecencia estea debidamente xustificada, o que valorará no seu caso o Xuíz Único de competición, podendo así modificar o calendario se fose oportuno, debendo ser notificado ao resto de afectados.

5. BALÓN DE XOGO E EQUIPACIÓNS

Cada equipo participante, deberá presentar un balón regulamentario de xogo en cada encontro, homologado e acorde coa súa categoría (Hummel ou Trial).

Cada equipo deberá acudir obrigatoriamente ás instalacións deportivas provisto de tres equipamentos completos de cores diferentes cada unha delas, sendo as camisetas sen mangas e os pantalóns curtos, tanto para os equipos masculinos como femininos.

As cores dos equipamentos alternarán entre elas, cores claras e escuras, a fin de que a diferenciación entre as tres sexa evidente, o que facilitará a diferenciación de xogadores/as durante o xogo e a retransmisión televisiva (no caso de habela).

Só se considera regulamentaria a camiseta do mesma cor e deseño para todos os xogadores/as do equipo (incluído o número na camiseta). Os/as porteiros/as ou especialistas portarán unha camiseta de diferente cor á dos equipos implicados e á dos/as porteiros/as ou especialistas do equipo contrario, a fin de identificarse claramente como tales no terreo de xogo.

Unha vez inscritos/as os/as xogadores/as dun equipo, deberán manter a mesma numeración durante todos os encontros da Xira.

Cando haxa coincidencia nas cores das camisetas de ambos equipos ou dos seus porteiros/as ou especialistas, cambiará de camiseta o que figure como equipo visitante. Se non fose posible, a organización facilitará petos deportivos, agás nas semifinais e finais da competición; nas que non será posible utilizar petos, sendo obrigatorio o uso da camiseta regulamentaria.

6. HORARIOS DOS ENCONTROS

O calendario de competición deberá ter en consideración as seguintes premisas:

- Tempo entre partidos: O intervalo mínimo entre partidos será de corenta (40) minutos.
- Salvo caso excepcional os partidos non poderán programarse cunha hora de inicio anterior ás 9:00 horas nin posterior ás 23:00 horas, polo que deberá cumprirse o recollido para a iluminación artificial nas regras de xogo. Ademais, e sempre que as necesidades organizativas non o impidan, durante as horas centrais do día, debe deixarse como mínimo un tempo de descanso dunha hora entre o final do último partido da mañá e o comezo do primeiro partido da tarde.
- Unha vez publicado o calendario, a permuta de encontros so estará permitida cando os 4 equipos implicados se poñan de acordo entre eles. Esta solicitude realizarase por correo electrónico coma mínimo 24 horas antes do inicio do encontro, pondo en copia a todos os clubs implicados e debendo aceptar todos dita modificación. O enderezo electrónico ao que se deberá enviar é: bmpraia@fgbalonman.com.

7. ESTRUTURA DA COMPETICIÓN

Disputarase baixo o formato de torneo en todas as categorías, garantindo que cada equipo dispute un mínimo de tres encontros; segundo a seguinte tabla:

Nº EQUIPOS	Nº DE GRUPOS	FORMATO DE COMPETICIÓN
6	2 Grupos de 3 equipos	Fase Regular + Semis + Final + 3º-4º
8	2 Grupos de 4 equipos	Fase Regular + Semis + Final + 3º-4º
10	1 Grupo de 4 e dous de 3 equipos	Fase Regular + Semis + Final + 3º-4º
12	4 Grupos de 3 equipos	Fase Regular + Semis + Final + 3º-4º
14	2 Grupos de 4 e dous de 3 equipos	Fase Regular + Semis + Final + 3º-4º
16	4 Grupos de 4 equipos	Fase Regular + Semis + Final + 3º-4º
Máis de 16	A convir pola FGBm	A convir pola FGBm

FASE FINAL:

Disputarana os catro primeiros de cada categoría en formato de eliminatoria: semifinais, final e 3º e 4º posto.

8. CRITERIOS PARA DETERMINAR A ORDE CLASIFICATORIA NA FASE DE GRUPOS

A clasificación en cada grupo, establecerase de acordo co maior número de puntos obtidos por cada equipo, téndose en conta a seguinte táboa de puntuación:

- Partido gañado: 2 puntos.
- Partido perdido: 0 puntos.

Cando na fase regular empatasen a puntos dous ou máis equipos, seguiranse os seguintes criterios para determinar a orde de clasificación:

- 1) Cando un dos equipos non comparecese a un partido, este ocupará a última posición entre ambos.
- 2) Teranse en conta, os puntos obtidos nos partidos xogados entre eles, ocupando posto preferente o que sume máis puntos.
- 3) Se tivesen o mesmo número de puntos, ocupará posto preferente o equipo que obteña unha maior diferenza de sets (períodos) a favor e en contra, no total dos encontros xogados entre si polos equipos implicados.
- 4) Se persiste o empate, obterá posto preferente o equipo con maior diferenza de tantos (puntos de gol) a favor e en contra, no total de encontros xogados entre si polos equipos implicados.

- 5) Se continúa o empate, obterá posto preferente o equipo co maior coeficiente resultante de dividir os tantos a favor entre os tantos en contra, do total de partidos xogados entre si polos equipos implicados.
- 6) De persistir o empate, obterá posto preferente o equipo con maior diferenza de sets (períodos) a favor e en contra, no total de partidos xogados no grupo.
- 7) Se aínda continúa o empate, obterá posto preferente o equipo co maior coeficiente resultante de dividir os tantos a favor entre os tantos en contra, do total de partidos xogados no grupo.
- 8) No caso pouco probable de que persistise a igualdade de resultados entre os equipos implicados, ocupará posto preferente o gañador do sorteo para celebrar polo delegado/a federativo responsable da competición, en presenza dos representantes dos devanditos equipos.

Para determinar a clasificación lineal entre grupos no suposto de xogarse distinto número de partidos, eliminarase o resultado contra o último clasificado no grupo que ten mais equipos e seguiranse os seguintes criterios para determinar a orde de clasificación:

1. Número de PUNTOS.
2. Diferenza de SETS (períodos).
3. Diferenza de TANTOS (puntos de gol).
4. Maior número de TANTOS A FAVOR, sen ter en conta os conseguidos en shoot- outs.
5. Menor diferenza de TANTOS EN SHOOT- OUT.
6. Maior número de TANTOS A FAVOR EN SHOOT- OUT.

9. COMITÉ DE COMPETICIÓN: SANCIONES, RECLAMACIONES

O Comité de Competición estará composto por un responsable designado pola Federación Galega de Balonmán. A súa función será a de facer cumprir a Normativa Xeral, notificando as súas decisións aos equipos implicados vía email.

O Comité de Competición resolverá sobre as incidencias que se reflictan nas actas dos encontros e nos informes complementarios que emitan os árbitros/as e, no seu caso, o delegado/a federativo do encontro, así como sobre os escritos que presenten os equipos participantes a través dos seus oficiais/xogadores responsables ou do representante do club respectivo.

O Comité de Competición poderá actuar de oficio en todo momento e sen requisito de prazo para xulgar e sancionar, se fose necesario, os casos que pola súa dubidosa interpretación ou cualificación non se atopen nos supostos contemplados nesta normativa.

Calquera equipo ten dereito a presentar reclamacións sobre os incidentes que se produzan nun encontro, segundo o seguinte procedemento:

- A. O oficial/xogador/a responsable dun equipo participante nun encontro deberá comunicar verbalmente aos árbitros/as ou ao delegado/a federativo do mesmo, inmediateamente ao remate do encontro, a súa mera intención de efectuar unha reclamación (sen necesidade de expresar o motivo), intención, que será recollida polos

árbitros/as na acta do partido, debendo o oficial/xogador/a responsable presentar posteriormente un escrito ante o Comité de Competición describindo brevemente os feitos e as razóns da súa reclamación, achegando cantos datos e probas se consideren oportunos. Este anuncio previo non será necesario se o equipo reclamante non participou no encontro onde se produce o feito obxecto de reclamación.

- B. En todo escrito dirixido a este Comité debe constar o nome, número de DNI, NIE ou pasaporte e firma do reclamante, así como o nome e categoría do equipo ao que representa. Do mesmo xeito, debe identificarse o partido ao que se refire a reclamación, con indicación da súa hora de inicio, número do campo de xogo, equipos participantes e categoría destes.
- C. O escrito deberá presentarse ante o Comité de Competición antes dos 30 minutos seguintes á finalización do partido en cuestión.
- D. En caso de falta do anuncio verbal previo cando o mesmo sexa preceptivo, ou unha vez transcorrido devandito prazo de 30 minutos, o Comité non admitirá ningún escrito de reclamación.
- E. Todos aqueles escritos que non reúnan os requisitos indicados anteriormente, non serán tidos en conta.
- F. Nos fallos do Comité de Competición farase constar o feito constitutivo da falta e a sanción acordada na aplicación das normas que correspondan. Devanditos fallos serán comunicados por escrito aos equipos implicados a través dos seus respectivos responsables ou representantes, con polo menos 10 minutos de antelación ao comezo do próximo encontro no que teñan participación. Tamén se publicarán no taboleiro de competición.
- G. Todos os fallos do Comité de Competición serán firmes e definitivos.

10. ACTA DO PARTIDO

Os árbitros/as son os responsables de completar a acta de partido en todos os seus termos. Farán constar no seu dorso calquera incidencia ou irregularidade observada na celebración do encontro, emitindo un informe detallado ao Xuíz Único de competición. Igualmente, recollerán ao dorso a mera manifestación das observacións que lles fixese o responsable dalgúns dos equipos participantes.

Independentemente da obrigatoriedade de inscribir nun partido ao número mínimo de xogadores/as, tamén será obrigatoria a inscrición dun oficial que fará as veces de responsable de equipo, excepto nas categorías sénior masculina e feminina, nas cales igualmente algún dos compoñentes rexistrados en acta deberá ser indicado como responsable de equipo. Todas as persoas rexistradas en acta, deberán estar presentes no devandito encontro.

A acta será asinada antes do partido polo responsable de cada equipo, e ao final do mesmo polos árbitros/as, o anotador/a e o cronometrador/a e o delegado/a federativo. As observacións feitas ao dorso, serán igualmente asinadas polos árbitros/as.

Ao termo do encontro os responsables de cada equipo poden solicitar ao delegado/a federativo que lles expida copia da acta de partido.

11. ACCESO Á ZONA DE XOGO

As únicas persoas alleas á organización da xira que poden acceder á zona de xogo, son as que están inscritas en acta.

Excepcionalmente, poderán acceder membros acreditados dos medios de comunicación para a toma de imaxes dos encontros, coa autorización expresa do delegado/a federativo/a, quen indicará as condicións de tempo e lugar nas que se permite a mesma, sempre salvaguardando a integridade física dos xogadores/as, oficias e colectivo arbitral.

12. DELEGADO/A RESPONSABLE

O delegado/a Federativo responsable do torneo, será xuíz único de competición da proba, sendo en primeira instancia o órgano xurisdiccional competente por delegación para o exercicio das facultades disciplinarias no ámbito da especialidade deportiva de Balonmán Praia.

Na súa condición de órgano xurisdiccional, o xuíz de competición exerce a potestade disciplinaria no ámbito deportivo e, con ela, a facultade de investigar, sancionar ou corrixir as infraccións cometidas polas persoas ou entidades sometidas á disciplina deportiva nos termos e coas formalidades establecidas no regulamento de réxime disciplinario da FGBm, adaptado as características e normativa do balonmán praia.

No exercicio das súas funcións, o delegado/a federativo exercerá con absoluta liberdade de criterio e valorará tanto o contido das actas, os seus anexos e demais probas que lle poidan ser presentadas segundo o seu saber e entender, debendo explicar con claridade, en todas as súas resolucións, os motivos e os fundamentos xurídicos que sustentan as súas decisións.

13. INSCRIPCIÓN EQUIPOS

As afiliacións faranse a través da plataforma de MiSquad, dende a intranet de cada clube ou equipo.

As inscricións para participar na Xira terán que estar feitas antes do 10 de xuño ás 23:59 horas.

O número máximo de equipos inscritos por categoría será determinada pola preinscrición realizada con anterioridade, resultando o seguinte cadro para a tempada 22/23:

PROBA	LUGAR	ALEVÍN	IM	IF	CM	CF	XM	XF	SM	SF
-------	-------	--------	----	----	----	----	----	----	----	----

14-16 XUÑO	BUEU	0	0	0	0	0	12	12	12	12
20-23 XUÑO	BUEU	16	14	14	12	12	0	0	0	0
27-30 XUÑO	OPORTO	*	*	*	*	*	*	*	*	*
4-7 XULLO	BUEU	12	12	12	10	10	8	8	10	10
11-14 XULLO	BUEU	12	12	12	10	10	8	8	10	10
25 XULLO	BUEU	4	4	4	4	4	4	4	4	4

*Na proba de Oporto o número de equipos dependerá do número de inscritos.

IMPORTANTE: No caso de superar o número de equipos indicados, seguirase estrita orde de inscrición; e no caso de non completar o número máximo nalgunha das categorías, a federación poderá ampliar o número máximo doutras categorías e aceptar novas inscricións.

A FGBm resérvase o dereito de non aceptar, en todo ou en parte, o nome dalgún dos equipos, en atención a que todos respectemos unhas normas mínimas de imaxe ou decoro, debendo ese equipo propoñer un novo nome.

14. RECOÑECIMENTO MÉDICO

- a) Todos os xogadores/as en activo, para poder dilixenciar a licenza correspondente, deberán efectuar unha revisión médica que lles certifique a condición de aptitude para a práctica deportiva; agás as categorías de prebenxamín, benxamín e alevín na que en lugar do certificado médico poderá presentarse un modelo de autorización facilitado pola Federación Galega de Balonmán asinado polos país ou titores.
- b) Esta certificación debe ser enviada á FGBm e farase constar o número de colexiado que certifique a súa condición de APTO para a práctica do deporte. Igualmente debe figurar a firma e data do recoñecemento.

15. CADRO OFICIAL DE TAXAS E COTAS DE SEGURO

Todas a persoas que participen na Xira Galega de Balonmán Praia deberán estar aseguradas baixo as coberturas do Real Decreto 849/1993.

- **SEGURO DEPORTIVO:**
 - Os/as deportistas que dispoñan de seguro dentro do Programa Xogade non terán necesidade de tramitar un novo seguro, sempre e cando o club de pista dende o que se tramitou aporte o visto bo por escrito, e este documento se faga chegar a bmpraia@fgbalonman.com.
 - O Seguro Deportivo para xuvenís e sénior terá un custe de 18€, dando cobertura ata o 25 de xullo de 2024. Os/as deportistas en disputar probas nacionais despois do 25 de xullo deberán contratar o suplemento por 10€ (cobertura ata o 19 de agosto de 2024).

- TAXAS INSCRICIÓNS POR PROBA:
 - Categoría Sénior: 100€
 - Categoría Xuvenil: 90€ (80€ en Oporto)
 - Categoría Cadete: 80€ (60€ en Oporto)
 - Categoría Infantil: 70€ (50€ en Oporto)
 - Categoría Alevín: 60€

16. ADAPTACIÓNS REGULAMENTARIAS

Categoría Alevín Mixto:

- a) Shoot-Outs: durante a disputa dos Shoot-Out o porteiro/a do equipo defensor non poderá saír da súa area.

17. DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Estes aspectos xerais terán vixencia na Xira Galega de Balonmán Praia 2024, estas normas poden verse modificadas nalgún torneo puntual se a Federación Galega de Balonmán o considera necesario, sempre seguindo a regulamentación específica e cun criterio determinado.